



NAI

**3º Concurso Cuentos Repsol
2º Premio en Gallego**

Autora: Elena Gómez-Segade González

Año 1990

As campás da igrexa do Carmo repinicaban sen cesar, e aínda que vellas e roucas, non querían deixar de expresá-la súa ledicia.

No interior do templo escondíase tras unha lanzal columna de mármore, a pequena xitana que vivía na chabola perto da igrexa. Na súa cariña estragada polo frío e o vento, podíase observar a expresión triste dos seus ollos. Ela, allea ós demais, sentía unha estraña sensación, o aviso de que algo malo ía suceder. Non podía explicalo porque non era meiga pero presentía que se achegaba a dor. Estas cousas xa llas contara a súa avoa de cativa; a avoa dicía sempre que os xitanos tiñan uns sentimentos máis fortes. Sentiu medo.

Sen saber porque, escapóuselle unha bágoa.

Fora, no camposanto, había unha morea de xente que esperaba á noiva máis fermosa e radiante que había polo lugar. A rapaza viña vestida toda de branco, como unha folerpa de neve, e na súa cabeza levaba unha bonita coroa de floriñas azuis. Semellaban as pequenas flores, unha banda de gaivotas que percorren apresuradas o grande océano, representado polo pelo liso e negro daquela moza.

Vai entrando pasesiño e introduciase na fría e estremeecedora igrexa.

Chegou ó altar maior do brazo do seu padriño, que ollaba cara a ela con paternal agarimo.

Sen apenas decatarse ninguén, decorreran dez minutos e o noivo aínda non chegara, aquel tempo de

sofrimento fíxose interminable e triste, igual cá noite. Pasaron pola mente de Inés as esceas máis ledas da súa vida, que querían devolverlle á noiva, coma por casualidade, a frescura e ledicia que tiña un cuarto de hora atrás.

Xa non era a mesma, e sen recato ningún afloráronlle, dúas pequenas bágoas, que foron trocándose en lamentos, e que chegaron a dar lugar a un amargo salouco.

A xente comenzou a saír da igrexa, comprendendo a triste situación. Fora, unha fina choiva tamén choraba coa noiva, e os convidados tivéronse que refuxiar debaixo dun castiñeiro.

Inés fíxose forte, armouse de valor e decidiu saír afora coa demáis xente. Mostraba, con dificultade, un finxido sorriso que lle axudaba na tarefa de parecer a moza radiante que antes foi.

Tralo intercambio de dúas ou tres sinxelas verbas, cada un marchou á súa casa, amparados polo manto escuro da noite que viña.

As pinguiñas de auga que escorregaban polas escaleiras, estaban a borrar sen presa da mente de Inés, aqueles lonxanos soños so seu banquete de vodas, daquel fermoso galán que a levaría con ternura á súa beira, e tamén aquel outros nos cales a doce Inés aparecía rodeada de cativos, tecendo e tecendo sen parar.

Mentres que o coche se dirixía á súa casa, Inés fitaba cara a choiva. A choiva... a choiva..., a choiva

apenas tiña sufrimentos, e no seu pequeno corazón de auga, tería só bós sentimentos diluídos que entregar ós demais.

Inesiña tiña cobiza de choiva.

Ela quería tamén esquencer e adicarse soamente a vivir, sen máis. Eso é, libre. Libre para facer o que lle petase e marchar así a unha illa dos mares do Sul, igual que facían nas películas da tele.

Pero ela non podía facer iso non. A súa obriga agora era desaparecer da vida pública durante unha temporadiña e pasá-las tardes enteiras facendo punto (seguramente faría unha chaquetiña para o padriño). Falaría, ou mellor, escoitaría, ás súas falsas e aburridas amistades que lle virían dá-lo sentido pésame polo feito ou que chegarían perxurando contra os homes.

O coche chegou a unha grande casa rodeada de árbores e xardíns. Era a casa dos seus pais, igualiña á que ela tiñas nos seus soños.

A choiva seguía acompañándoa. Inés baixou do coche e púxose no medio dun inmenso patio descuberto. Estendeu os seus brazos, empezou a falar coa choiva e contoulle tódolos seus medos, un por un. Falaba e falaba sen parar, ata que chegou un momento no que berrou. Fíxose filla adoptiva da choiva: pediulle un currunchito no seu colo. Era estrano pero así era. Ela sentíase desprotexida e completamente soa, e na choiva enxebre e agarimosa topou unha fiel protección.

Agora foi cando Inés abriu os seus ollos, que antes pecharan o pudor e a vergoña, e comenzou a escintillar para ela unha nova forma de querer.

A choiva non parau de chorar, e Inés abrazábase soa, querendo bicá-la súa nova nai. Seguiu un bo pedazo ollando ás inmensas árbores, ós paxaros que debecían polas pequenas pingas da súa nai para amasá-lo barro do seu niño, e coma non, ollou ás flores de mil cores que precisaban orballo para efeitá-los seus traxes.

Alí, na inmensidade da “chaira celestial” habitada por anxos e infinidade de almiñas boas, estaban outros perxonaxes, esponxosos e lixeiros, que se trocaban cada día nunha choiva nova e máis limpa.

Pensando nisto, Inés botou unha nova ollada para a casa e pola porta de atrás descubriu o mar, o grande cemiterio da choiva.

Inesiña seguía no seu mundo, disfrutando coa súa nova familia, chantada no medio do patio, cando de súpeto alguén lle petou no lombo. Era a súa prima Ermitas, que lle traía un paraugas e o recado do padriño de que entrase na casa. Deixou o fermoso mundo da choiva e cruzou o Sarego da posta daquela casa, que xa lle parecía triste e demasiado pequena.

Cando chegou á cociña, o lume bricaba na cheminea, e o padriño quentaba os pés a carón dos seus longos e incandescentes brazos, que ás veces semellaban traicioneiros. Inés non se atopaba alí moi a gusto; prefería as bromas rebuldeiras que facía coas

longas guedellas de auga da súa nai. Eran suaves e transparentes, e non queimaban coma o lume.

As súas maletas estaban no cuarto do piso de enriba, e o padriño, mentres prendía un pito máis, díxolle que subise para desfacé-las maletas e deitarse un pouco.

Aínda mollada polas bágoas da choiva, Inés non esperou máis. Despediuse cun aceno e unhas verbas inaudibles, e comenzou a subir de vagariño polas vellas escaleiras de pinotea. Apoiándose na baranda subía pensando que ía camiño do seu cárcere, abriu a porta, botou unha ollada e sentiu un arrepío ante aquela fúnebre e sombría habitación. Espiuse, meteuse na cama, e fixose un novelo aterecida polo frío.

Pero non acougaba. Sentiu temor e cubriu a cabeza co cobertor. Parecíalle ver pantasmas no teito e nas paredes, amenazándaos con patéticos sorrisos. Sentíase fría e solermiña pola falla da nai e da natureza. Non podía vivir sin ela. Aínda lle parecía estar sentindo as súas caricias e os seus bicos que lle baixaban polas tempas, polas meixelas, e remataban no seu queixo. Sentía morriña e unha dor fonda que lle esmagaba o peito e non a deixaba respirar ben.

Non aturou máis.

Ampeando de seguido e ás apalpadelas, chegou a un dos grandes ventanais do cuarto, abriuno, e intentou escorregar pola parede. Dubidou, pero logo, pechando os ollos, deixouse caer ó vacío.

¡Por fin dera saído do seu cautiverio!. Endexamais podería voltar a se meter nun pequeno cuarto tecendo e destecendo tralos cristais embazados. Nunca voltaría á súa prisión.

Agora atopábase nun aberto paraíso, coa súa nai coma protectora. Botou a correr sen rumbo. Batíanlle na cara os grandes fentos, as xestas, e as polas baixas das bidueiras e nogueiras novas.

Pero quería perderse na natureza.

A nai choiva estaba con ela, á súa beira, para sempre.

Deitouse na herba con ela á súa beira, para sempre.

Deitouse na herba, mirou a negra máscara da noite, a abrindo de novo os brazos, deixouse impregnar pola choiva, empapándose da súa frescura, arrolada polo seu canto e adurmiñada pola súa dozura.

Comenzaba a vivir un longo sono.